

EXP. 570/2026

ASUNTO: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DO PREMIO “CEBOLA DE OURO 2026”

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a proposta da concelleira de Cultura e Eventos para establecer as Bases Reguladoras para a concesión do premio “Cebola de Ouro 2026” co fin de outorgar o galardón a unha persoa, grupo ou entidade en recoñecemento as súas contribucións, logros ou servizo excepcional para a xente do pobo de Sanxenxo.

Vistas as Bases Reguladoras para a concesión do premio Cebola de Ouro 2026,

Visto o informe da técnica de cultura,

Esta presidencia, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE

Aprobar as Bases Reguladoras para a concesión do premio “Cebola de Ouro 2026” e a súa publicación no taboleiro de anuncios.

O Presidente, Telmo Martín González
A Secretaria, María de los Angeles Landín Iglesias

RESOLUCION
Número: 2026-0653 Data: 03/08/2026



BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DO PREMIO “CEBOLA DE OURO 2026”.

A programación das festas patronais de Sanxenxo inclúe a celebración da *Feira da Cebola*. Máis alá de recuperar unha tradición do século pasado, sempre serviu para promocionar as excelentes legumes e hortalizas que se cultivan no interior de Sanxenxo, especialmente a cebola.

Sen ir máis lonxe, este ano 2026, a *Feira da Cebola* cumprirá a súa 45 edición como unha das embaixadoras dos produtos da horta de Sanxenxo e un símbolo de calidade gastronómica. Esta dobre vocación da *Feira da Cebola* tamén se concreta na entrega das insignias *Cebolas de Ouro*.

Trátase de facer un recoñecemento a dúas persoas: por unha parte a un/ha veciño/a que destaque pola súa profesión, traxectoria vital ou pola súa implicación social; por outra, a unha persoa que, aínda que non resida en Sanxenxo, contribuíu á promoción e o desenvolvemento turístico do noso municipio.

BASES

1.- OBXETO

A concesión da *Cebola de ouro* é un recoñecemento que ten como finalidade galardoar a unha persoa, grupo ou entidade polas súas contribucións nos ámbitos cultural, educativo, social,... logros destacados, servizo excepcional ou actos que houberan beneficiado a xente do pobo de maneira notable. Un recoñecemento a súa labor cultural, educativa, social,...

2.- CATEGORÍAS

Establécense dúas categorías para outorgar o galardón:

A.- A unha persoa, grupo ou entidade da parroquia de San Xínés de Padriñán.

B.-A unha persoa, grupo ou entidade de fora do municipio vinculada dalgún xeito ao Concello de Sanxenxo e os seus habitantes.

Para cada unha das categorías A e B outorgárase un único premio que consistirá nunha insignia de ouro en forma de cebola.

RESOLUCION
Número: 2026-0653 Data: 03/08/2026

Cod. Validación: 3PKRKS7M7RT4O6QF4WTMPC5I
Corrección: <https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



3.- PROPOSTA DE CANDIDATOS

O Concello de Sanxenxo o través do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo fará pública unha convocatoria para a presentación de propostas. Para elo establecerase un prazo de presentación ao que se lle dará a máxima difusión e publicidade para o coñecemento de tódolos cidadáns.

Os candidatos, a ambas modalidades, poderán ser propostos por calquera asociación, institución, entidade, colectivo ou veciño, sen que poida ningunha delas propoñerse a si mesma.

Ditas propostas serán presentadas na Sede Electrónica de Terra de Sanxenxo. Nelas sinalaranse tódolos datos posibles do candidato ou candidatos. Deberase axuntar unha memoria xustificativa que saliente a traxectoria persoal e ou profesional de cada un dos candidatos propostos.

As persoas físicas ou xurídicas proposta deberan sempre ter coñecemento da súa candidatura.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de candidaturas será dende o día 3 ao 20 de agosto do 2026 na Sede Electrónica do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo.

5.- XURADO

O xurado para valorar as candidaturas presentadas estará constituído da seguinte maneira:

- Presidente: O alcalde do Concello de Sanxenxo ou persoa en quen delegue, que contará co voto de calidade en caso de empate, quen a poderá delegar no/a tenente-alcalde ou concelleiro/a da área correspondente.
- Vocais: O concelleiro de Cultura e Eventos; un representante da cada asociación veciñal, cultural, social ou deportiva da parroquia de San Xinés de Padriñán; un representante do Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo e un representante da Asociación de Comerciantes Entretendas

Actuará como secretario/a o técnico/a en quen delegue que terá voz pero non voto. Ditos representantes serán nomeados para cada edición, aínda que poderán ser ratificados ou reelixidos.



6.- ELECCIÓN DOS CANDIDATOS

Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas de candidatos, o xurado fixará a primeira das súas reunións, ao longo da semana seguinte á finalización do prazo de presentación, co fin de analizar as propostas existentes e realizando o estudo, polo miúdo, da memoria xustificativa que saliente a traxectoria persoal e ou profesional de cada un dos candidatos propostos.

Os membros do xurado tratarán de consensuar, de maneira unánime o outorgamento dos premios; de non ser así, deberán tratar de obter unha maioría cualificada de dous terzos. Se o xurado, na primeira reunión, non chegase a unanimidade ou a unha maioría cualificada, poderán propor outros candidatos nunha segunda sesión, sempre que sexa por unanimidade ou por maioría de votos, tanto a proposta como a elección.

Unha vez realizada a votación, e elixidos os premiados, o xurado gardará segredo sobre as deliberacións da sesión.

7. ENTREGA DAS INSIGNIAS

Unha vez que o xurado acorde os elixidos, o alcalde comunicaralles aos galardoados a concesión dos mesmos. As insignias serán entregadas durante as festas patronais, o día 4 de setembro de 2026 durante o transcurso de celebración da Feira da Cebola.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non establecido nas presentes bases, facúltase ao xurado para a súa interpretación e resolución. O feito de presentar propostas de candidatos a “Cebola de Ouro 2026” supón a total aceptación das presentes bases.

Para máis información poden dirixirse a Concellería de Cultura e Eventos, teléfono: 986.727.936 ou e-mail: culturaterra@sanxenxo.org

RESOLUCION
Número: 2026-0653 Data: 03/08/2026

Cod. Validación: 3PKRKS7M7RT4O6QF4WTMPC5I
Corrección: <https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

